1. *A escola de Belas Artes de Alexandre Cabanel*, Tacrede Bastet

INVISIBLAS
(CON A DE ARTISTAS)

A arte non só é unha forma de expresión esencial, é ademais a memoria dos cambios da sociedade ao longo da historia. Pero, que papel xogou a muller neste ámbito? Foi só musa ou tamén creadora? Por que os nomes delas case non aparecen nos libros nin nos museos?

Aínda que inicialmente ocuparon os roles pasivos de musas ou modelos, as mulleres foron acadando maior protagonismo, pouco a pouco e malia as moitas limitacións sociais, culturais e económicas que contribuíran a agravar a súa escasa presenza no mundo da arte.
A invisibilidade das mulleres no pasado aínda ten un impacto nas artistas contemporáneas e, a pesar dos avances na loita pola igualdade de xénero, seguen a telo moi difícil no seu ámbito. Por isto, se queremos unha sociedade máis xusta e igualitaria, é fundamental seguir denunciando esta situación e garantindo a presenza das mulleres artistas na educación, nos museos e nas colecciónS.

OS OBSTÁCULOS DELAS

1. **A falta de acceso á formación:** Durante séculos, ás mulleres negóuselles a posibilidade de estudar en academias de arte.

2. **Os roles de xénero:** A sociedade esperaba das mulleres que fosen boas esposas e nais, pero non artistas.

3. **A discriminación nos temas:** Os homes podían pintar grandes escenas históricas, relixiosas ou mitolóxicas, que eran as máis valoradas. En cambio, as mulleres tiñan que conformarse con temas "máis femininos", como bodegóns ou retratos. Impedíaselles pintar corpos nus.

4. **Sen oportunidades nin recoñecemento:** Moitos concursos, exposicións e encargos importantes eran só para homes. Moitas obras de mulleres fóronlles atribuídas a eles.

5. **Nos museos e na historia da arte:** Durante moito tempo, os libros e os museos só mostraron artistas masculinos. Eles eran "intelectuais", elas "emocionais".

4. Bodegón de Clara Peeters

5. *Na Galería de Dresdner*, Karl Louis Preusser



2. *Nai nova cosendo*, Mary Cassatt

3. *O baño da meniña*, Mary Cassatt

1. *Pinturas rupestres da Cova das Mans*, c. 1600 a.C.

2. *Salterio de Claricia*, monxa do século XIII

INVISIBLAS
(CON A DE ANÓNIMAS, PERO ASOMBROSAS)

Un percorrido polas distintas épocas amósanos como a invisibilidade das mulleres na arte foi unha constante na historia da humanidade.

SABÍAS QUE?

Na **Prehistoria**. Aínda que sempre se deu por feito que as pinturas rupestres e as primeiras esculturas foron realizadas por homes, recentes estudos demostran que tanto homes como mulleres participaron na creación artística. A análise das mans estampadas en covas como Altamira indica que moitas pertencían a mulleres, segundo o tamaño e a forma dos dedos.

Na **Idade Antiga** e **Idade Media** poucas mulleres puideron dedicarse á arte, ligada á relixión e aos diferentes oficios dominados por homes. As poucas mulleres que podían crear facíano como monxas nos conventos, ilustrando manuscritos e tecendo tapices, pero case nunca asinaron as súas obras.

No **Renacemento** e o **Barroco** (séculos XV-XVII). Aínda que algunhas mulleres eran grandes artistas cunha técnica equiparable á dos homes, seguían sendo excluídas das academias, polo que non podían desenvolver a súa carreira profesionalmente nin recibir encargos importantes. As menos podían formarse en talleres familiares, pero os temas seguían estando restrinxidos a bodegóns e retratos, polo que eran pouco valoradas.

No **Século XVIII** as mulleres continuaron atopando moitas dificultades para desenvolver a súa carreira artística, polo que se vían obrigadas a desafiar as normas sociais para dedicarse á arte. Comezaron a ter máis visibilidade e a ser aceptadas nas academias, pero coa mesma limitación nos temas, o que lles impedía competir en igualdade cos artistas máis prestixiosos. A pesar dos avances, a súa presenza seguía sendo secundaria fronte á dos homes.

No **Século XIX** as mulleres seguían relegadas a temas "decorativos" como flores ou retratos. Non se lles permitía estudar modelos espidos, o que lles restaba recursos para competir cos homes. A finais do século, as mulleres puideron por fin acceder ás academias e moitas delas participaron en movementos vangardistas, pero o tema das súas obras continuou reducido ao ámbito familiar porque as estritas normas sociais impedían que mantivesen contacto cos homes artistas e pintasen ao aire libre, polo que non puideron dedicarse de forma profesional á arte.

No **Século XX** tanto as artistas como as súas obras comezan a adquirir un lugar relevante no ámbito social e artístico. As mulleres artistas comezaron a superar todas as barreiras e estereotipos que as limitaran durante moitos séculos. Exploraron unha ampla gama de temas na súa obra, desde cuestións sociais e políticas ata reflexións íntimas sobre a natureza humana, deixando de limitarse a temas exclusivamente "femininos". O século XX marcou un punto de inflexión cando as mulleres afirmaron con valentía o seu lugar no mundo da arte e cambiaron o seu futuro.

No **Século XXI** a loita pola visibilidade das mulleres na arte continúa. O feminismo axudou a rescatar artistas esquecidas e a impulsar a igualdade no mundo da arte, pero o desafío actual pasa tamén por garantir que as novas xeracións de creadoras teñan as mesmas oportunidades que eles para desenvolver a súa carreira e deixar a súa pegada na historia da arte.

3. *Autorretrato*, Sofonisba Anguissola



4. *No estudio*, Marie Bashkirtseff

1. *A reprimenda a Adán e Eva*, Domenichino

DE PECADORAS A SANTAS

A relixión foi desde a orixe fonte de inspiración artística. A arte relixiosa representou a muller baixo a visión patriarcal, o que favoreceu a formación e transmisión dunha determinada mentalidade na sociedade. A dualidade María/Eva vai ocupar unha parte moi importante da iconografía relixiosa e a partir delas constrúese a dicotomía clásica derivada do pensamento clerical misóxino: ou es santa ou pecadora.

EVA, A CAUSA DOS MALES DO NOSO MUNDO

Eva é considerada responsable do "pecado orixinal", carga que vai pesar sobre todas as mulleres. Non só comeu o froito prohibido, senón que llo ofreceu a Adán. Ela foi a causa da caída do home, a razón da fin da pureza e a inocencia, e a materialización da desobediencia a Deus.

A muller convértese na personificación do pecado. Creada da costela de Adán, o relato de Eva pretende xustificar a submisión das mulleres aos homes.

No cadro 1, Eva parece a culpábel, mentres que o 2 semella unha invitación á liberdade e á transgresión.



2. *A tentación e caída de Eva*, William Blake

A VIRXE, A BOA NAI

A VIRXE COMO PUNTO DE PARTIDA DA MATERNIDADE E A FEMINIDADE

A través do tempo foron moitas as representacións que deron unha idea da muller subordinada á maternidade e á fe.

A representación da Virxe María aleitando a Xesús é unha imaxe recorrente na iconografía cristiá. Reflicte a pureza, a virtude asociada a rapazas novas para vinculalas coa inocencia e a castidade.

Nas normas culturais e relixiosas da época, a virxindade era venerada e a beleza na xuventude idealizada.

3. *A virxe do leite*, Juan de Juanes


1. *Martirio de santa Apolonia*, Guido Reni

2. O *martirio de santa Águeda*, Gaspar de Palencia

VIOLENTADAS

Nas representacións relixiosas das mulleres créase un culto á agresión, unha violencia constante exercida sobre elas así como unha veneración á súa virxindade. Santas e mártires transmiten angustia e desasosego; mentres que virxes e castas, calma e tranquilidade.

Hai representacións crueis e tormentosas que adoutrinan no castigo e no temor, por exemplo O *martirio de santa Águeda*. Nos martirios dos homes non hai agresións sexuais, os delas teñen unha carga sexual moi violenta.

MÁIS MALAS QUE O DEMO

Dalila representa a traizón.
Nesta obra a mensaxe refórzase cunha inscrición que aparece gravada na árbore: "Foemina diabolo tribus assibus est mala peior". (Unha muller mala é tres veces peor que o demo).



3. *Sansón e Dalila*, Andrea Mantegna

***Susana e os vellos*, un intento de violación**
Das numerosas representacións da historia de Susana, a escena do baño é unha das máis significativas, converténdose nunha imaxe moi popular e recorrente. A escena vaise desligando das súas connotacións relixiosas, e convértese nun pretexto para mostrar un espido feminino. A casta Susana transfórmase nunha muller sensual espiada e acosada por dous anciáns.

4. *Susana e os vellos*, Rubens

Xudit é a asasina virtuosa
Por que feito imos lembrala?
Pola súa intelixencia e valentía, como liberadora do seu pobo, ou por ser a máis malvada e sanguinaria.

Clarescuros da historia...

5. *Xudit decapita Holofernes*, Caravaggio

1. *O primeiro bico*, Salvador Viniegra y Lasso de la Vega

BAIXO A MIRADA PATRIARCAL

Baixo a mirada patriarcal, a muller como motivo artístico foi reducida a obxecto, espida sen límite de idade e caracterizada como boa ou mala, ama de casa ou prostituta e, incluso, aldraxada ou insubmisa.

EVA VS MARÍA

Como xa vimos nos paneis de arte relixiosa, a muller na tradición xudeu-cristiá só ten dous modelos a seguir, ou é mala como Eva, ou boa como María. As Evas representan o mal, a tentación: a maldición que continúa desde a expulsión do Paraíso. Adoitan estar acompañadas dunha serpe, que representa o engano e o pecado; dun espello, que é a vaidade; ou da froita prohibida.
Pola outra banda está a Virxe María: muller bondadosa cun ideal imposible de alcanzar desde a inmaculada concepción.

2. *Quinta angustia*, Juan Luís López

A AMA DE CASA VS A PROSTITUTA

A contraposición de profesións femininas máis recorrente é a de amas de casa fronte a prostitutas, pero ambas están unidas pola esfera sexual: privada e gratuíta no caso das primeiras; pública e remunerada, no caso das segundas. O cometido común é cubrir as necesidades dos homes. Ademais, as amas de casa xestionan o fogar, a descendencia e os coidados, contribuíndo a configurar o modelo de María. Pola contra, as prostitutas son libertinas, promiscuas, e cun futuro incerto ao estaren fóra do camiño marcado.

ALDRAXADAS VS DONAS DE SI

5. *O rapto de Europa*, Rubens

Xa na antigüidade atopamos o retrato que procura o erotismo no abuso, nas vítimas de violación, e tamén a condena a aquelas insubmisas que non consentiron ou se vingaron. Entre outros, Rubens romantizou escenas de abuso sexual en obras como *O rapto de Europa*. Os enganos de Zeus, o alcohol ou o propio erotismo parecen eximentes para tales actos, algo de terrible actualidade.

Pola outra banda están as donas de si, a *femme fatale*, un arquetipo de muller que alimenta os temores masculinos de perder os seus privilexios. Percibida como unha ameaza por traballar fóra da casa, aparece sexualizada, atractiva, moitas veces loura de ollos claros e boca vermella, cun instinto destrutor capaz de levar o home á perdición. Quen non lembra a Marilyn Monroe en *Os cabaleiros prefírenas louras*? Si, prefírenas louras e parvas, non en van se estableceu o tópico de que as louras non eran moi espelidas. Que contraditorio, non?

6. *Marilyn Monroe*, Andy Warhol

3. *Do fogar galego*, Manuel Abelenda Zapata



4. *O cliente*, Jean Louis Forain



1. *Olympia*, Manet

ESPIDAS

OS HOMES MIRAN...

Os espidos femininos representaron durante séculos a muller obxecto, deitada, dispoñible, mitificada pola mirada masculina. O cadro *Olympia,* de Manet, converte no século XIX, a través do retrato dunha prostituta de alto status, a muller espida nun ser terreal e dona de si mesma, con independencia económica. O debuxo da *Muller espida sentada nunha poltrona,* de Pedro Antonio, Sileno, mesmo foi usado nos inicios do século XX como reclamo para acudir a un mitin.

... SEN LÍMITE DE IDADE

No século XIX xorden teorías que consideran a muller intelectualmente inferior ao home. Mentalmente, non habería diferenza entre adultas e meniñas, pero estas teñen a pureza e a obediencia da que carecen as primeiras. O mundo non mudou moito dende aquela: o matrimonio infantil aínda está sen erradicar. Un autor tan coñecido como Lewis Carrol retrata *A boneca máis bonita do mundo*, unha criaturiña que semella unha prostituta desamparada. No Museo de Pontevedra atopamos *Nena con cereixas,* de Juan José Cancela del Río, no que a pequena está nunha posición sexualizada e exhibe un peito. E como cumio, Édouard Toudouze e Balthus retratan as nenas como sedutoras e provocativas.

2 . *Muller espida sentada nunha poltrón*, Pedro Antonio, Sileno

4. *Nena con cereixas*, Juan José Cancela del Río



3. *A boneca máis bonita do mundo*, Lewis Carrol

5. *Thérèse*, Balthus


1. *Venus de Lespugue*


2. *Venus de Laussel*

REPRESENTADAS

O IES Valle Inclán reflexiona sobre como a arte retratou corpos femininos: como símbolo de vida ou obxecto de beleza, sempre sometidos á mirada allea.

O CORPO FÉRTIL

En 1.º de ESO o alumnado estuda as primeiras representacións artísticas da Historia e observa como nelas os corpos femininos se centran na capacidade reprodutora. A muller é admirada pola súa capacidade xeradora de vida, comparada con deusas, pero todas as representacións da súa forza ou poder quedarán restrinxidas a este aspecto.

"Na representación destes corpos femininos destaca a sensualidade e a graza. En moitos medios e redes sociais na actualidade pódese ver un tratamento do corpo feminino que, ao igual que en Rubens, procura destacar certas características físicas consideradas idóneas" (2.º A).

3. *As tres grazas*, Rubens

"*As venus prehistóricas* son figuras pequenas sen brazos, cara e moitas veces sen pernas, xa que aos que fixeron as venus non lles parecían importantes nin relevantes esas partes do corpo da muller..." (1.º A).

"*A Venus de Laussel* representa a fertilidade das mulleres. Polos partos ten unha barriga moi grande e os seos moi desenvoltos para alimentar a descendencia..." (1.º D).

O CORPO SOMETIDO

Nos períodos medieval e moderno adóptase a submisión como novo ideal feminino. O corpo da muller é cousificado e sometido ás tendencias estéticas de cada época.

Aprendemos como as modas mudan de forma caprichosa, mesmo incluíndo prácticas incómodas ou prexudiciais para a saúde, absurdos das modas e dos estereotipos de beleza que, a pesar de variar, seguen a condicionar, coa súa imposición, os corpos das mulleres.

"...O corpiño era moi axustado e presionaba o torso, dificultando a respiración e incluso deformando as costelas co tempo. As saias voluminosas e as capas de roupa facían difícil o movemento e obrigaban a manter unha postura ríxida durante horas. A moda buscaba mostrar luxo e poder, pero para as mulleres significaba sacrificio e incomodidade diaria..." (2.º B).

4. *Retrato da raíña Ana de Austria*, Anguissola

1. *A gran odalisca*, Ingres

MÍRANNOS!

O CORPO OBSERVADO

En 1985 mulleres artistas feministas manifestáronse diante do MOMA de Nova York. As súas máximas eran moi elocuentes: "Menos do 5% de artistas que se expoñen na actualidade son mulleres, pero o 85% dos espidos nos museos son de mulleres". Desde a arte tamén podemos reflexionar sobre as desigualdades que persisten no mundo no presente.

NA ACTUALIDADE!

"O corpo das mulleres xirafa é tratado como unha representación gráfica dunha deusa, debendo, desde moi pequenas, ter aneis de latón no pescozo para fomentar a beleza. Neste sentido é tratado como inferior e, por iso, é maltratado e discriminado tanto dentro da súa tribo como polo turismo que as visita. Moitas delas viven nun estado de pobreza tan extrema que teñen que amosárense como atraccións de feira" (2.º D).

2. *Muller padaung do norte de Taildandia*, Steve Evans

"...O corpo da muller é retratado como un obxecto desexable e exótico, nunha postura pasiva e sensual, cunha beleza idealizada, ás veces irreal. Este tratamento reflicte como se vía a muller na época: como algo que debe ser contemplado polo home. A obra destaca a erotización do corpo feminino e a súa cousificación, de pel pálida e de forma voluptuosa, de aspecto fráxil..." (3.º B).

"...Susana está espida e nunha situación moi incómoda mentres dous homes a miran e intentan achegarse a ela. Na súa cara nótase que sente medo e que non quere estar aí. Eles visten con roupa elegante, o que indica que son de clase alta e teñen máis poder ca ela. Isto fai que se vexa aínda máis a diferenza entre eles e como abusan da súa autoridade (...). Desde sempre, na arte, o corpo das mulleres foi tratado como algo que os homes podían mirar e admirar, moitas veces sen pensar no que elas sentían. En moitos cadros aparecen homes ben vestidos, mentres que as mulleres están espidas..." (3.º C).



3. *Susana e os vellos*, Artemisia Gentischelli

1. *Canto das espigas*, Maruxa Mallo

PRECURSORAS GALEGAS

Estas mulleres, a miúdo esquecidas ou invisibilizadas, foron auténticas precursoras. A súa obra espertou conciencias e formou parte da loita pola igualdade no mundo da arte.

Maruxa Mallo (Viveiro, 1902-Madrid, 1995) foi unha destacada artista galega vinculada á xeración do 27 e ao surrealismo. Destacou pola súa creatividade e innovación, sendo unha das poucas mulleres recoñecidas nos círculos artísticos da súa época. A súa obra abrangue pintura, debuxo e cerámica, con temáticas que van dende o rural ata o onírico. Exiliada tras o golpe de Estado de 1936, desenvolveu parte da súa carreira en América.

2. *A sorpresa do trigo*, Maruxa Mallo

Julia Minguillón (Lugo, 1906-Madrid, 1965) foi unha pioneira da arte galega e unha das primeiras mulleres en acadar recoñecemento nun ámbito tradicionalmente masculino. A través dun estilo figurativo e intimista, retratou a vida rural galega con especial atención á figura feminina, ás escenas cotiás e ao sentimento de pertenza cultural. Comprometida co seu tempo, Minguillón rompeu moldes sociais e abriu camiños para outras creadoras, converténdose nunha referencia imprescindible na historia da pintura galega do século XX.

Muller con cabra é unha pintura simbólica onde se fusiona o humano co animal, expresando forza, feminidade e conexión coa natureza, un exemplo claro da súa linguaxe visual rica e persoal. A obra de Maruxa Mallo segue a inspirar pola súa modernidade e valentía.

3. *Muller con cabra*, Maruxa Mallo

En *Escola de Doloriñas,* Julia Minguillón mergúllanos nun universo íntimo onde as pequenas penas do cotián cobran voz poética, cunha linguaxe delicada e fonda que conmove e fai reflexionar.

4. *Escola de Doloriñas*, Julia Minguillón

1. *Paisaxe*, Carmen Arias, *Mimina*

IMPARABLES

2. Carmen Arias, Mimina

Lolita Díaz Baliño (A Coruña, 1905-1963) foi unha artista e ilustradora galega, pioneira no eido das artes plásticas. A súa obra, que abrangue ilustración, pintura e deseño, cun estilo simbolista e influencias modernistas, caracterízase pola delicadeza, o uso de cores suaves e os temas mitolóxicos ou literarios.

Nun tempo no que poucas mulleres accedían ao mundo artístico profesional, foi colaboradora habitual en revistas culturais e mestra na Escola de Artes e Oficios, onde tivo como alumna a **Carmen Arias de Castro,** Mimina (A Coruña, 1921-Sada, 2013), cuxa arte forneceu moitos dos deseños da fábrica de Sargadelos, nomeadamente na liña de xoias.

Díaz Baliño e **María del Carmen Corredoyra Ruiz de Baro** (A Coruña, 1893-1970) foron as dúas primeiras mulleres en formar parte da Real Academia Galega de Belas Artes.

Logo, o golpe de Estado e o exilio de moitas artistas provocou, como conta a experta en arte Rosario Sarmiento, unha etapa de penuria e aridez creativa, que porén non puido impedir o xurdimento da arte de galegas como **María Victoria de la Fuente** (Vigo, 1927-Madrid, 2009) ou **María Elena Fernández-Gago** (A Coruña, 1940-2011), que se decantaron por unha pintura intimista na que reflectir "o seu mundo máis próximo e circundante".

Outras, como as coruñesas **Fina Mantiñán** (A Coruña, 1937) e **Beatriz Rey** (A Coruña, 1939), optaron "polas linguaxes abstractas de claro sentido construtivo".

Un rápido repaso polas pioneiras galegas obríganos tamén a deternos, segundo Sarmiento, na "figuración inxenuísta e popular de intenso cromatismo e tons puros" de **María Antonia Dans** (Oza dos Ríos, A Coruña, 1922-Madrid, 1988) e o expresionismo de **Mercedes Ruibal** (Pontevedra, 1928-Vigo, 2003), sen esquecer a innovación que mulleres como **Elena Colmeiro** (Silleda, 1932-Madrid, 2021), a noiesa **Soledad Penalta** (Noia, 1943) ou a catoirense **María Xosé Díaz** (Catoira, 1949) introduciron na cerámica.

3. *Ilustración*, Lolita Díaz Baliño

5. *A nevada*, Mª Victoria de la Fuente

7.*Tres mulleres con mantón*, María Elena Fernández-Gago

4. Lolita Díaz Baliño



6.María Victoria de la Fuente

8 María Elena Fernández-Gago



4. *Escola de Doloriñas*, Julia Minguillón

AS QUE ESTÁN SON...

1. *Menchu Lamas*, Cora Patiño
2. *É como chegar a min*, Menchu Lamas



3. *Berta Cáccamo*, Adrián Estévez
4. *Sen título*, Berta Cáccamo

5. *Paula Noya*, César Nistal Carbajo
6. *Nazarenos*, Paula Noya

Menchu Lamas (Vigo, 1954)

"A pintura como reflexo das máis profundas emocións"

Cofundadora do Grupo Atlántica, sitúa xunto a outras autoras e autores a arte galega dentro do panorama internacional, cuestionando as limitacións artísticas.

No seu traballo creativo representa a importancia do propio camiño. A través do xesto pictórico e do uso da cor dá renda solta ás súas emocións. A sobriedade das súas pinceladas e seguridade dos seus trazos transmiten unha enorme enerxía á súa pintura.

En 2018 ingresa na Real Academia Galega de Belas Artes, onde reivindica a presenza das mulleres nas institucións. A súa obra atópase nos espazos máis importantes do país, incluído o Centro Galego de Arte Contemporánea.

Berta Cáccamo (Vigo,1963-2018)

"A esencialidade e rexeitamento do superfluo"

Foi docente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Na súa obra conformou figuras e signos que coloreaba profusamente na práctica dunha pintura que se disolve en capas, a fin de resaltar a presenza do soporte. A xeometría e as sombras en tons neutros, negros e grises fan que as súas obras sexan intensas e silenciosas. Co seu uso de teas desgarradas que sustentan mapas e signos, reclamaba unha poética da cavidade e o baleiro.

Presentou o seu traballo en varias convocatorias da Bienal de Artistas Galegas, convocada por institucións preocupadas pola débeda histórica coas mulleres no mundo artístico.

Paula Noya (Lugo, 1969)

"Artista multidisciplinar e poliédrica"

É unha artista multidisciplinar pertencente á asociación Mulleres nas Artes Visuais (MAV). Ademais das exposicións individuais e colectivas de arte contemporánea nas que participa, dedícase a impartir cursos, obradoiros e seminarios en diversas institucións, un labor pedagóxico e didáctico que lles dá visibilidade ás mulleres neste ámbito.

Como describe a artista e crítica de arte Paula Cabaleiro: "O erro e o fracaso, a presenza da morte, o fogar non sempre protector, a pegada do patriarcado, a crueza das emocións, Paula Noya remóvenos porque as súas obras non preguntan se poden acceder, acceden. Son artefactos para facer sentir coa acritude que implica".

7. Reinterpretación alumnado

8. Reinterpretación alumnado



9. Reinterpretación alumnado

...MAIS NON ESTÁN TODAS AS QUE SON

1. *Almudena Fernández Fariña*, Anxo Cabada
2. *Xenia e paracaidista*, Almudena Fernández Fariña

3. *Mónica Alonso*, Xosé Reigosa
4. Detalle de *A maxia do colibrí; seis casos desesperados*, Mónica Alonso

Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970)

“A singularidade dos espazos e a cor”

Docente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, a súa obra está representada no museo da cidade e noutras institucións a nivel estatal como o Museo de Arte Contemporáneo de Madrid.

Artista inédita, a súa versatilidade queda reflectida nunha serie de procesos paralelos que inclúen prácticas fotográficas, bordados, pezas cerámicas ou libros obxecto. Tende á abstracción e as súas producións están cheas de colorido e expresión.

Nas obras, o complexo arrevesado de liñas superpostas, rectas e curvas dispostas en múltiples direccións fala da orde e do caos, do visible e do oculto.

Mónica Alonso (A Fonsagrada, Lugo, 1970)

“Xogando coa cor e o espazo”

Doutora en Belas Artes na Universidade de Vigo, a súa obra está presente no Centro Galego de Arte Contemporánea e no Museo de Lugo, ademais de participar en múltiples exposicións. Pertence á Real Academia Galega de Belas Artes.

A través de debuxos, esculturas e mediante o xogo coa cor e o espazo, crea unhas obras que conteñen mensaxes cifradas de carácter social en relación ao territorio e á historia, e invita a reflexionar sobre a posición do ser humano na paisaxe e na sociedade do presente.

5. Reinterpretación alumnado

6. Reinterpretación alumnado

1. Reinterpretación alumnado

2. *Autorretrato como santa Catalina de Alejandría*,

3. *Santa Cecilia tocando un laúd*,
Artemisia Gentileschi

MULLERES QUE MUDARON A HISTORIA DA ARTE

Na Historia da Arte, moitas artistas foron relegadas ao esquecemento, invisibilizadas por unha tradición patriarcal que colocou os homes como os principais actores da creación artística. Con todo, ao longo dos séculos, mulleres excepcionais desafiaron as convencións do seu tempo, forxando camiños de innovación e resistencia nun contexto social e cultural que lles negaba a igualdade de oportunidades.

Luisa Roldán (1652-1706):
Escultora barroca nun mundo de homes
A Roldana foi unha das escultoras máis importantes do Barroco español. Con gran variedade de temas relixiosos, destacou polo seu refinamento técnico e a capacidade para infundir humanidade ás súas esculturas. Nun mundo de homes, logrou un lugar prominente na corte de Carlos II, onde se lle encargaron importantes obras para o palacio real. A sensibilidade e a expresión emocional das súas figuras, especialmente na representación de escenas relixiosas, amosan unha gran destreza técnica.

4. *Virxe co Neno e Juan Bautista*, Luisa Roldán

5. Luisa Roldán

Artemisia Gentileschi (1593-1653):
A forza no relato visual
Unha das pintoras máis talentosas do Barroco italiano, logrou abrirse camiño nunha época en que as mulleres artistas eran unha rareza. A súa obra está marcada pola violencia e o sufrimento, pero tamén pola resistencia. A pintura *Xudit decapitando Holofernes* pode lerse en clave autobiográfica, considerando a violación que sufriu a artista por parte do seu mestre. Foi forzada a enfrontar un xuízo público e humillante. A súa pintura barroca desafiou o ideal feminino pasivo e propuxo outra narrativa: a da forza, a coraxe e a xustiza encarnada en corpo de muller.

Angelica Kauffmann (1741-1807):
A pintura neoclásica con mirada feminina
A pesar das restricións da súa época, a suíza foi unha das artistas máis recoñecidas da pintura neoclásica. Fundadora da Real Academia de Pintura e Escultura de Londres, converteuse en profesional nunha contorna que limitaba as oportunidades para as mulleres. As súas obras, que inclúen retratos, escenas históricas e mitolóxicas, destacan pola súa destreza técnica e a representación idealizada de figuras femininas. Kauffmann proxectou unha visión do poder e a virtude feminina nun contexto dominado por homes.

7. *A vitoria de Eros*, Angelica Kauffmann

8. *Autorretrato*,
Angelica Kauffmann

6. Reinterpretación alumnado


9. Reinterpretación alumnado



1. *Moza rubia sentada nunha terraza*, Berthe Morisot

2. *O cisne 17*, Hilma af Klint

INDISCIPLINADAS

3. *Retrato de Berthe Morisot cun ramo de violetas*, Édouard Manet

Berthe Morisot (1841-1895):
A inquietude na pintura impresionista
Berthe Morisot foi unha das figuras clave do movemento impresionista en Francia, un campo dominado por artistas masculinos. Con todo, non só participou, senón que achegou unha mirada única e feminina á pintura do seu tempo. O seu estilo, delicado pero profundamente introspectivo, caracterízase pola exploración da luz, a intimidade e a vida cotiá, temas que estaban frecuentemente relegados á esfera privada feminina. Retratou mulleres na súa contorna doméstica, explorando o retrato e a figura humana de maneira sutil pero radical, desafiando a idea de que a muller era un ser pasivo dentro da tradición artística.

4. *Hilma af Klint*

Hilma af Klint (1862-1944):
Pioneira do abstraccionismo espiritual
A súa obra adiantouse ao seu tempo e desafiou as convencións da pintura figurativa. Foi unha das primeiras en traballar coa linguaxe abstracta, mesmo antes que Kandinsky e Mondrian, pero a súa arte foi amplamente ignorada durante a súa vida debido ao seu enfoque espiritual e esotérico. As súas pinturas, cheas de simbolismo e cor, son un testemuño do seu desexo de explorar o invisible e o transcendental, un acto radical de desafío ás normas da sociedade e a arte do momento.



5. Reinterpretación alumnado



6. Reinterpretación alumnado

7. Camille Claudel

8. *A pequena castelá*, Camille Claudel



9. *Sonia Delaunay*

10. *Semicírculos en azul e amarelo*, Sonia Delaunay

Camille Claudel (1864-1943):
A tráxica historia da creatividade e a obsesión
Camille Claudel foi unha escultora talentosa que loitou non só contra as convencións artísticas do seu tempo, senón tamén contra a opresión da súa propia contorna. Estableceu unha relación complexa co seu mentor e amante, Auguste Rodin, quen utilizaba o seu talento ao seu favor. A pesar dos seus logros, Claudel sufriu a incomprensión da sociedade e foi internada nun asilo psiquiátrico. A súa obra, con todo, segue sendo unha das máis conmovedoras da escultura moderna, marcada por unha profunda exploración da figura humana.

Sonia Delaunay (1885-1979):
A pioneira da arte abstracta e o deseño téxtil
Sonia Delaunay foi unha das figuras máis innovadoras do século XX, particularmente no ámbito da arte abstracta e o deseño téxtil. Xunto co seu esposo, explorou o uso da cor e a xeometría, e foi unha das primeiras artistas en integrar estes elementos na moda e o deseño téxtil. O seu traballo na creación de teas, vestimentas e murais deixou unha pegada indeleble na arte moderna. Ao longo da súa carreira, Sonia Delaunay rompeu barreiras entre disciplinas artísticas, mostrando que a arte podía ser vivida en todos os aspectos da vida cotiá.

11. Reinterpretación alumnado

12. Reinterpretación alumnado



1. Mesquita de Al-Qarawiyyin (Al-Karaouine), Fátima al-Fihri

2. *Fátima al-Fihri*, Nihan Akgün Diişlon

UN MUNDO DE ARTISTAS

A mesquita de Al-Qarawiyyin (Al-Karaouine) de Fátima al-Fihri (actual Tunes, 800-Fez, Marrocos, 880)
Arquitecta de grande importancia na súa época, tras a morte do pai, ela e a irmá decidiron edificar unha mesquita coa gran fortuna herdada para impulsar un maior desenvolvemento da súa comunidade. A mesquita de al-Qarawiyyin (Al-Karaouine) está considerada un importante núcleo intelectual do Mediterráneo.

3. *Abaporú*, Tarsila do Amaral

***Abaporú*, de Tarsila do Amaral (Capiravi, 1886-São Paulo, 1973)**
Neste cadro, Tarsila do Amaral avogaba por restar importancia á influencia europea e apostar por configurar unha arte brasileira específica. A artista converteuse no símbolo da modernidade combinando o surrealismo con esa estética propia do seu país.

4. Tarsila do Amaral

***Eu e os meus periquitos*, de Frida Khalo (Cidade de México, 1907-1954)**
Frida declarou que os seus cadros non reflectían soños nin imaxes surrealistas, senón representacións da súa vida e as súas emocións. *Eu e os meus periquitos* é un oasis de calma que demostra que, malia a dor, aínda era quen de atopar lugares de paz. As súas pinceladas, lixeiras e fluídas, constrúen unha obra precisa e chea de detalles que son eclipsados polo suxeito de Kahlo: ela mesma.



9. *Eu e os meus periquitos*, Frida Khalo

5. *A morte de Cleopatra*, Edmonia Lewis

***A morte de Cleopatra*, de Edmonia Lewis (Nova York,1844-Londres, 1907)**
Edmonia Lewis, a primeira escultora profesional dos Estados Unidos e a primeira en alcanzar recoñecemento internacional, desenvolveu a maior parte da súa carreira en Roma. De estilo neoclasicista, representaba en mármore figuras históricas e mitolóxicas. A súa obra aborda temas relacionados coa identidade racial e a cultural.



6. Edmonia Lewis



7. *Espida*, Pan Yuliang

***Espida*, de Pan Yuliang (Yangzhou, China, 1895-1977)**
Con catorce anos, a artista foi vendida polo seu tío a un bordel, onde foi prostituída. Por iso, os espidos de moitos dos seus cadros son unha denuncia á escravitude sexual. Postimpresionista, é a primeira pintora chinesa que fai obras ao estilo occidental, nunha mestura da tradición do seu país coas vangardas europeas.

8. Pan Yuliang

10. María Izquierdo

***A sopeira*, de María Izquierdo (Jalisco, 1902-Cidade de México, 1995)**
Nesta obra chea de simbolismo que crea en 1929, no contexto da arte postrevolucionaria, María Izquierdo pretende expresar a través dunha escena sinxela, pero con moito significado, a identidade e cultura mexicanas e a importancia nelas das mulleres. No tempo en que os homes facían grandes murais sobre a revolución, ela decidiuse por escenas máis íntimas e persoais.



11. *A sopeira*, María Izquierdo

1. Yayoi Kusama, Yusuke Miyazaki

2. *Enxame de vagalumes*, Yayoi Kusama

TALENTO SEN FRONTEIRAS



3. *Sumair*, Amrita Sher-Gil



4. *Amrita Sher-Gil*

***Sumair*, de Amrita Sher-Gil (Hungría, 1913-Paquistán, 1941)**
A través da fusión do modernismo europeo e a tradición india, Sher-Gil constrúe algo novo para captar a melancolía e a identidade da muller rural. Con ela quere ensinar como vivía a xente do común na India, sobre todo as mulleres.

***Enxame de vagalumes*, de Yayoi Kusama (Xapón, 1929)**
A instalación xoga con luces artificiais e espellos para romper coa normalidade e dar idea dun mundo fantasioso. A artista quere facer unha crítica á cultura xaponesa, centrada no traballo e a monotonía.

5. *O soño imposible*, serie de Laila Shawa

6. Laila Shawa

***O soño imposible*, de Laila Shawa (Palestina, 1940-Londres, 2022)**
Considerada como unha das artistas máis destacadas e prolíficas da arte revolucionaria árabe contemporánea, a súa obra reflexiona sobre a persecución e as inxustizas que leva décadas padecendo o seu pobo, o palestino, e tamén sobre a situación da muller no mundo árabe.



7. *Siluetas*, Ana Mendieta

8. *Ana Mendieta*

***Siluetas*, de Ana Mendieta (Cuba, 1948-USA, 1985)**
Tras pasar a súa infancia en orfanatos e fogares de acollida, o desarraigo tivo grande influencia na obra de Mendieta. A serie *Silueta* lévanos aos rituais afrocubanos e ás supersticións propias da súa Cuba natal, a través de leves pegadas do corpo na terra.

9. *Non me oes*, Nalini Malini



10. *Nalini Malini*

***Non me oes*, de Nalini Malini (Paquistán, 1946)**
Representa a negación da subalternidade das mulleres para vindicar a liberdade de elixir o seu destino con todas as súas consecuencias. Malini dedicou a súa longa traxectoria artística á defensa da xustiza social e dun feminismo ecoloxista. A súa obra entretece referencias literarias, mitoloxías e formas estéticas asiáticas e occidentais para crear unha linguaxe inconfundible de gran complexidade.

11. *Julie Mehre*, Josefina Santos

***Escenario II*, de Julie Mehretu (Adis Abeba, 1970)**
Coa súa obra, a artista etíope busca transmitir o caos da globalización. Este cadro forma parte dun tríptico elaborado no 2004 para explorar o nacionalismo e a revolución desde ámbitos diferentes, desde a arte ata o deporte, pasando pola política.

12. *Escenario II*, Julie Mehretu

***As meninas II*, de Simone Leigh (Chicago, 1967)**
Este proxecto, inspirado en Velázquez, nace para paliar a falta de representación afroamericana nos cursos de Historia da Arte das universidades occidentais e aborda a equidade racial e de xénero a través da complexa historia do imperialismo occidental, a escravitude e a representación do feminino.

13. Simone Leigh

14. *As meninas II*, Simone Leigh

ENTRE VIÑETAS: DE EMMA RÍOS...

Pioneira na industria do cómic galego, traballa para grandes compañías de cómic como DC e Marvel.
Emma Ríos (Vilagarcía de Arousa, 1976), licenciada en Arquitectura pola Universidade da Coruña, comezou creando fanzines influenciada por *comic books* e mangas. Tras participar en revistas como *H2OIL*, cruza o Atlántico grazas á súa proeza técnica. Logo de traballar en series curtas, entra en Marvel Comics, onde crea, entre outras obras, *The Amazing Spider-Man* ou *Runaways*.

Emma Ríos obtivo o Premio á Mellor Obra Internacional no festival Expocómic no 2015 por *Pretty Deadly*. Ademais, ten baixo o seu brazo o Premio á Autora Revelación na Expocómic Madrid 2008, e no ano 2020 acadou o Premio Eisner á Mellor Portadista por *Pretty Deadly*.



... A LUCÍA CID

Irrompe na escena da banda deseñada (BD) e no *webtoon* con historias refrescantes cheas de diversión, cor e personaxes alternativas, así como divertidas e inesperadas. Lucía Cid (Ourense, 2002), caracterizada por unha ética de traballo incomparable, comeza a súa formación no ano 2019 na Escola Profesional de Banda Deseñada O Garaxe Hermético. O seu estilo *cartoon* inconfudible sérvelle para crear historias de fantasía apropiadas para todos os públicos con tramas orixinais protagonizadas por un elenco variado. A miúdo, a autora inclúe personaxes principais femininas e que pertencen á comunidade LGTBIQ+. Entre estas obras atópanse os *webtoons Tales and Scales* (2023) e *I want to Kiss 100 monster girls* (2025), ou os libros *Maya e a troita perlada* (2023) e *Dinocarreras* (2025). Con este último título recibiu o premio de fin de curso de O Garaxe Hermético.

1. Reinterpretación alumnado
2. A *Chiscadela*, Dorothea Lange

PIONEIRAS TRAS O FOCO

Dorothea Lange (Nova Jersey, 1895-San Francisco, 1965): Conseguiu transformar a fotografía nunha poderosa ferramenta de denuncia social e reflexión filosófica. A súa obra, especialmente durante a Gran Depresión, examina a dignidade humana en momentos de extrema vulnerabilidade. Máis aló do valor documental das súas imaxes, fai unha chamada á empatía, obrigándonos a cuestionar as estruturas económicas e sociais que perpetúan a desigualdade. A súa capacidade para captar a resistencia e a esperanza nos rostros das súas figuras reflicte unha verdade universal: mesmo nos momentos máis difíciles, a humanidade persiste. Lange non só fotografaba o sufrimento, senón tamén a forza intrínseca das persoas, iluminando así a conexión profunda entre arte, ética e xustiza social.

Julia Margaret Cameron (Calcuta, 1815-Kalutara, 1879): A súa obra destaca por unha procura obsesiva da alma e a emoción, privilexiando a esencia sobre a perfección técnica. A súa obra, cargada de dramatismo e simbolismo, captura as imperfecciónes e a intensidade das figuras, para invitarnos a reflexionar sobre a natureza da beleza, o tempo e a memoria.

3. Reinterpretación alumnado
4. *Eu agardo*, Julia Margaret Cameron

5. *Parella de adolescentes en Hudson Street, Nova York*, Diane Arbus
6. Reinterpretación alumnado

Dora Maar (París, 1907-1997): A súa capacidade para transformar o cotián en algo máxico e misterioso foi testemuña da súa visión artística única. A súa obra é un recordatorio constante da importancia de desafiar as normas e buscar a beleza nas partes ocultas e inesperadas da vida. A súa traxectoria artística é un exemplo de como a arte pode ser unha forma poderosa de autoexpresión do mundo interior.

Diane Arbus (Nova York, 1923-1971): Pon o foco en quen fica á marxe para explorar a vulnerabilidade e a singularidade do ser humano e ofrecer unha visión desafiadora do concepto de "normalidade". As súas imaxes revelan o extraordinario no cotián, e obrigan a cuestionar os nosos prexuízos e expectativas, para reflexionar sobre como a sociedade constrúe categorías de identidade e exclusión. Invita a ver máis aló das aparencias e a penetrar na profundidade da verdadeira esencia humana dende a diversidade.

7. *Modelo con estrela*, Dora Maar
8. Reinterpetación alumnado

Lee Miller (Nova York, 1907-1977): Desafiou as fronteiras entre a arte, o foto-xornalismo e a experiencia humana, e converteu a súa cámara nunha ferramenta para explorar o horror e a beleza do mundo. Miller obriga a confrontar o sufrimento humano sen evasión, expoñendo a fraxilidade e a fortaleza da existencia e o poder da arte para dignificar o inenarrable.

9. *Filla dun oficial alemán suicídase con cianuro*, Lee Miller
10. Reinterpretación alumnado

UNHA OLLADA ACTUAL

Annie Leibovitz (Connecticut,1949): Coñecida polos seus retratos de celebridades, dixo da súa propia obra que o seu obxectivo era captar a esencia das persoas fotografadas e contar unha historia. O seu traballo caracterízase pola combinación de precisión técnica e enfoque emocional e crea imaxes de grande impacto visual que narran historias profundas nun transcender do superficial, da simple aparencia das instantáneas.

1. Reinterpretación alumnado
2. *David Lynch e Isabella Rossellini, portada do Vanity Fair*, Annie Leboivitz
3. Reinterpretación alumnado
4.*Sibila*, Carla Andrade

Carla Andrade (Vigo, 1983): Na súa obra a natureza é a protagonista e convídanos a cuestionar o papel do ser humano fronte a ela. Inspirada pola filosofía existencialista e a estética do sublime cuestiona a capacidade da arte para representar o inefable e a experiencia do sagrado. En cada imaxe, a súa mirada sitúanos entre o real e o transcendental, convertendo a fotografía en filosofía visual.

Cristina García Rodero (Puerto Llano, Ciudad Real, 1949): Cunha mirada profundamente humanista, utiliza a fotografía para explorar a condición humana nas súas manifestacións máis íntimas e universais. A súa obra reflexiona sobre a identidade colectiva e individual a través de imaxes de costumes e rituais nas que se capta a beleza da diversidade cultural e a universalidade das emocións humanas. A súa obra é unha celebración da esencia plural da vida.

Ouka Leele (Madrid, 1957- 2022): Icona da movida madrileña, revolucionou o panorama artístico coa súa fusión de pintura e fotografía. O seu legado, repleto de autenticidade e valentía creativa, mostra a estrela danzante que, segundo Nietzsche, só pode nacer do caos interior. As súas imaxes, impregnadas de cores vibrantes, converten o cotián en onírico e emotivo xerando unha enerxía que obriga ao espectador a transformar a súa mirada. Máis aló de ser unha fotógrafa, foi unha narradora de historias visuais, explorando temas como a identidade, a beleza e a memoria cos que nos invita a reflexionar dun xeito lúdico, pero tamén profundo.

Barbara Kruger (Nova Jersey, 1945): O seu traballo explora a linguaxe como unha forza transformadora, das normas sociais e as relacións de poder. Cunha estética minimalista, pero de impacto, mestura imaxes e palabras para crear unha obra cargada de significado que nos fai conscientes de como nos modelan os discursos e de como podemos resistilos. Arte e compromiso ético-político fúndense nunha mensaxe de emancipación e pensamento crítico.

5. *Bágoas da dolorosa*, Cristina García Rodero
6. Reinterpretación alumnado
7. *Autorretrato con auga*, Ouka Leele
8. Reinterpretación alumnado
9. *O futuro pertence a quen o pode ver*, Barbara Kruger
10. Reinterpretación alumnado



1. Baiona, Soledad Penalta

ESPAZOS OCUPADOS, ESPAZOS LIBERADOS: A FORZA DAS MULLERES

Cantas esculturas ou murais de mulleres hai na túa contorna? Cantas escultoras e muralistas coñeces? Por que é importante que as mulleres ocupen o espazo público?

A arte permite que as creadoras transformen as rúas e amosen o seu traballo para romper coa invisibilidade histórica. En Galicia, escultoras e muralistas loitan por deixar a súa pegada e transmitir a través de obras cargadas de mensaxes de igualdade, identidade ou memoria.

Ocupar espazos significa tamén recuperar o lugar que as mulleres merecen na creación artística e no recoñecemento público. Boa conta disto dá o *Delas Fest*, festival de arte urbana organizado pola cooperativa *7H* na comarca de Compostela.

2. Laila Ajjawi ante un dos seus murais, Scott Lashinsky

Na obra *Baiona*, realizada en aceiro, **Soledad Penalta** reflicte a conexión entre o ser humano e a contorna mariña, destacando a forza e delicadeza características do seu estilo.

Laila Ajjawi é activista polos dereitos humanos e graffiteira. De ascendencia palestina, medrou no campo para persoas refuxiadas de Irbid, en Xordania. Pinta murais de mulleres fortes, como unha forma de amosar como as refuxiadas poden tomar o control das súas vidas.

ELAS EN PONTEVEDRA

A moza das galiñas de **Cuqui Piñeiro** é un conxunto escultórico colocado ante o mercado municipal de Pontevedra que representa unha actividade desenvolvida tradicionalmente na zona.

Diana Rodeiro, coñecida como **Nana**, é unha muralista de Santiago de Compostela cuxa obra destaca por abordar temas de igualdade de xénero e empoderamento feminino. Na rúa de Eduardo Pondal de Pontevedra está o seu mural *Mulleres.Terra de mulleres, tempo de mulleres*.

3. A moza das galiñas de Cuqui Pinheiro, foto de Concello de Pontevedra



4. Mulleres. Terra de mulleres, tempo de mulleres, Diana Rodeiro

1. Collage de Patchwork: Farrapos pola non violencia contra as mulleres, Luz Darriba

RACHAR OS MUROS: A ARTE REIVINDICATIVA

A arte é unha poderosa ferramenta para a expresión e a denuncia: ten a capacidade de rachar estereotipos, ocupar espazos e dar novos significados á realidade. A emerxencia de mulleres artistas racha as representacións patriarcais e procura espazos de expresión, como os museos ou a rúa, para intervir na realidade e difundir as mensaxes feministas.

2. Hércules na corte de Onfalia (Acabouse), Marina Vargas

Artistas e activistas como **Ana Mendieta, Marina Abramovic, Faith Ringgold** ou grupos como as **Pussy Riot** utilizan a performance para concienciar das desigualdades. En 2019 e 2020, a intervención *O violador es ti* do colectivo chileno **Lastesis** reproducíase arredor do mundo.

A comezos dos 2000, na Galiza, colectivos como **Mulheres Transgredindo** realizaron denuncias sociais a través da performance. O asociacionismo feminista vai medrando e aparecen eventos que visibilizan a creación artística das mulleres. Por exemplo, o Festivala de Vilagarcía, organizado pola asociación **O Soño de Lilith**.

LOITANDO XUNTAS

Miles de persoas uníronse no 2004 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela para crear con **Luz Darriba** *Patchwork: Farrapos pola non violencia contra as mulleres,* unha tecedura de 8.000 metros cadrados que denunciaba a violencia de xénero e reivindicaba a igualdade.

Hércules na corte de Onfalia (Acabouse) de **Marina Vargas** é un símbolo do apoderamento feminista que, a través da lingua de signos, desafía estereotipos de forza e poder asociados á masculinidade.

O colectivo feminista mexicano **Pó de galiña negra** realizou a icónica performance *Receita para causarlles mal de ollo aos violadores* para denunciar a violencia contra as mulleres no seu país. Nela repartiron unha apócema simbólica entre o público.

Judy Chicago dedicou trinta e nove pratos decorativos en forma de vulva a mulleres na súa obra *A cea.* No centro da mesa, escritos en ouro, están os nomes de 999 delas que fixeron contribucións importantes na historia.



3. A cea, Judy Chicago



4. Receita para causarlles mal de ollo aos violadores, Pó de galiña negra